

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

A Xunqueira da Gándara

Amancio Castro Glez.

A xunqueira da Gándara (do Vao, de San Caietano, do Alba... cada quen tratou de levala para o seu territorio de uso) non está coma a maioría das xunqueiras litorais de Galicia no val erosionado por un río de certo caudal, capaz de escavar o val onde está situada como lle ocorre á veciña do río Lérez. Tampouco os expertos na formación das montañas, vales chairas e fosas, dan noticia de que en outros tempos remotos pasara por esa zona algún río que tal cousa puidera facer (pidolle desculpas ó río da Gándara, Rons ou Alba, pero a verdade é que máis ben trátase dun regatiño que só leva moita auga cando trona... Funciona coma torrente).

Posto que a orixe deste val onde está instalada a xunqueira non é de procedencia fluvial hai que buscar esta en causas tectónicas (a tectónica é a ciencia que estudia as deformacións nos terreos xeolóxicos despois da súa formación, fracturas, faias, pregamentos, fosas, ... son temas do seu estudio). Indagando no que se sabe da xeoloxía de Galicia podemos ver que por este sitio se lle ocorre estar situada a chamada *depresión meridiana de Galicia*, que vai de Sur a Norte dende Tui ata Carballo perdéndose polo Norte no mar. Esta depresión é un afun-



Vista do "Graben" onde está a xunqueira

dimento do terreo coma un corredor situado entre dúas fracturas do terreo paralelas e próximas (de dous Km ou menos de ancho, desaparecendo nalgúns puntos).

Os científicos a este tipo de fosa ou depresión alongada a coñecen co nome alemán de "Graben", así que xa vedes como se creou o sitio idóneo para aparecer unha xunqueira, e como é lóxico todo afundimento do terreo vai ser ocupado dende o principio por auga, creándose zonas encharcadas pouco aptas na actualidade para o cultivo. A auga ó baixar polas ladeiras dos bordes da depresión trae terra e todo tipo de materiais que poida arrancar, materiais que se depositan no fondo e forman coma un colchón no que van medrando os xuncos e outras plantas que poden vivir nun sitio con tanta humidade como o brión chamado *esfagno* que ten a propiedade de crear *turba* que ven a ser algo así como a primeira fase da creación do carbón. A turba forma parte da mestura de terra que se usa para as macetas das plantas.

A estes sitios improductivos para veigas de pan ben por ser pedregais ou como no noso caso zonas enchoupadas de auga se lles chamou *Gándaras*. Seguro que vos soan outras gándaras famosas coma as *Gándaras de Budiño* entre Porriño e Tui que teñen en común coa *Xunqueira da Gándara* o estar situada na



<http://cedofeita.arcanaverba.org>



Canles da auga salgada, xuncos e herba que soportan o salitre

mesma *depresión meridiana* e como diferenza a ausencia da influencia mariña no caso das de Budiño. En bioloxía refírese a *Gándara* coma zonas encharcadas.

Encaixado polo *Graben* discorre o Río da Gándara que será o encargado de subministrar auga doce á xunqueira, chegando a inundala nas riadas pois a canle de desaugue ata o fondo da Ría de Pontevedra é estreito, na actualidade moito máis, motivado polo recheo que se fixo da zona chamada "A Resilla" nas *Correntes* que era a desembocadura natural deste río no Lérez. Outro motivo de asolagamento da xunqueira o determina o tapón formado pola chegada da auga do mar sobre todo nas mareas vivas e en especial as equinocciais que soben e baixan máis da conta. O choque das correntes do río coa terra que trae contra a marea que quere subir fai que os materiais perdan forza e se depositen e apareza un banco de area coa que estarán feitas máis da metade das casas desta zona de Lérez dende que se inventou o ce-



Espadana, palla real

mentado ata que se prohibiu a extracción de áridos (é un dicir). O caso é que esa zona recheouse e hoxe temos alí parcelas con almacéns de servicios oficiais e unha zona de paseo. Por esa canle de entrada podemos observar como cada seis horas e cuarto cambia a dirección da corrente segundo suba ou baixe. Ó subir a auga do mar vai entrando por pequenos regueiros cara o interior da xunqueira á que acabará inundando de auga salgada, que se retirará no seguinte cambio de marea funcionando as canles como sistema de drenaxe.

Nestas zonas da xunqueira onde chega a influencia do mar só poderán vivir aquelas plantas que poden soportar e filtrar a auga con salitre se ben hai unha zona que só queda asolagado nas mareas vivas dando tempo a lavarse de sal coa chuvia e coas enchentes.

Nas zonas que sempre están encharcadas aparecen especies que soportan estas circunstancias, algas, xuncas de sección triangular,... se domina a auga doce o que imos ter é a *espadana* ou *palla real* (*Typha latifolia* L.) e mesturada con ela a *espadaina amarela* (*Iris pseudacorus* L.) (*Lirio amarillo* en castelán). As follas da *Espadaina amarela* teñen un cheiro especial e se utilizaba e nalgúns lugares aínda se usa para alfombra-las rúas por onde pasan as procesións. O nome de *espada-*



Cotula

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

na e *espadaína* ven da forma das follas que saen da base en forma de espadas verdosas. Un xeito de recoñece-la *espadaína amarela* da *palla real* cando só presentan as follas é tirando delas. É máis doado arrincar a *espadaína amarela* que levará un pouco do rizoma mentres que a *palla real* non se arrinca sen rompe-las follas.

Nos pequenos regueiriños que se forman chama a atención unha plantiña que ten de flor a parte central dunha margarida sen as folliñas que a rodean, trátase da *Cotula coronopifolia* L. Unha composta apétala que vive nos regatiños de auga salgada e doce, naturalizada no W de Europa procedente do S. de África, algunha pode ser unha variedade máis pequena procedente de Australia e Nova Zelandia a *Cotula australis* (Sprengel) Hooker fil. atopada en Pontevedra ó redor do ano 90 (segundo cita Xosé Ramón García no libro Guía das plantas con flores de Galicia). As Plantas, o mesmo que os animais, realizan migracións de Norte a Sur e de Sur a Norte, colonizando aqueles espazos en que as condicións do terreo, temperatura e humidade llo permiten.

Ta m é n hai que considera-la influencia que pode presenta-la presenza doutras plantas pois tanto a nivel das raíces como das follas son ca-



paces de segregar produtos químicos que regulan a instalación doutras poboacións. Moitas chegan dos prados veciños, dos pensos, ou incluso de todo tipo de obxectos de importación que poidan albergar algunha semente ou esporas coma no caso dos fungos.

Nas zonas onde perde forza o xunco aparece a *Acelga Salgada* (*Limonium vulgare* Miller) cunha inflorescencia ramificada de corola violeta.

No territorio dos xuncos das zonas máis ou menos asolagadas que dan nome a este espacio natural atópanse diferentes especies: unhas teñen distinto porte, outras son pinchudas outras se diría que máis mansas, algunhas aguantan a auga salgada coma o *Xunco pinchudo* (*Juncus acutus* L.) ou o *Xunco de mar* (*Juncus maritimus* Lam.). A floración tamén é diferente segundo a especie.

Estas zonas da xunqueira séganse cada tempada para apaña-lo xunco con que estruma-las cortes. Esta práctica mantén á xunqueira co aspecto actual proporcionando pasto que





Cabaliños do demo apareándose nos xuncos

ata hai ben pouco o aproveitaban os veciños dos arredores botando as vacas e os cabalos (isto é un exemplo do saber popular no uso do entorno e do que os responsables do Medio Ambiente deberían tomar nota). Na actualidade séguese segando xunco, quedan algunhas ovelas e as vacas son cousas do pasado pois entre a mecanización e a mala política do leite o ter unha ou dúas vacas con "mayordomo" xa non é rendible. A falta da presión que vacas e cabalos facían sobre a vexetación da xunqueira ligado coa non extracción do xunco pode orixinar en poucas tempadas a "colmatación" deste espacio pasando do que se entende como "gándara" (en Bioloxía) a "braña" (nas nosas latitudes), coa posterior invasión de salgueiros, queirugas e amieiros converténdose noutra cousa con outros animais e por suposto usos. Como exemplo podedes observar na zona que queda máis próxima a antiga Cros, como unha planta rubideira vai enroscando de dereitas (seguindo o xiro das agullas do reloxo) a toda planta que

trate de levantar máis dunha cuarta do chan, dobregando á vexetación e abafándoa debaixo dela. Esta planta, cunhas corolas como bucinas brancas, é a *herba roqueira* (*Calystegia sepium* (L.) R. Br.) moi parecida a *correola da praia* que ten a corola rosa.



Herba roqueira

(Nas fotos podedes ver a planta e o efecto que xa está ocasionando). Como solución, xa que as vacas teñen pouco futuro, sempre quedan os cabalos. Non hai que esquecer que a xunqueira da Gándara ten o aspecto e a riqueza biolóxica que ten gracias a interacción entre natureza e veciños no seu uso sostible. Non se pode dici-lo mesmo das empresas que no seu tempo se instalaron neste espacio, refírome á Cros e ós seus vertidos líquidos e gasosos, na actualidade temos ahí un almacén que subministra "comida para pombas". Outro día, podémonos achegar a algúns animais e a outras plantas que viven pola parroquia adiante. Ata aquela unha aberta dun fillo dunha nai nacida en Lérez.



Efecto que produce a herba roqueira